



ACORDO DE AVALIACIÓN DA CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNETICA EN MOAÑA

Este venres 5 de xuño tivo lugar no Concello de Moaña, a iniciativa dos concelleiros de Medio Ambiente e de Urbanismo un encontro das diferentes partes implicadas na implantación de antenas de telefonía móbil en Moaña: ademais dos concelleiros convocantes, dos representantes de Telefónica Móviles e dun representante do Ministerio de Industria; estiveron presentes por parte dos colectivos sociais que presentaron alegacións un representante en nome dos colectivos de afectados e veciñais, un representante ecoloxista (APDR) e o avogado Luís Pena (colaborador do movemento asociativo nas máis de 1.000 alegacións aos plans de implantación das antenas base).

Os colectivos sociais presentes nesta mesa; defendemos este tipo de encontros e propuxemos que ademais de cumprir os criterios urbanísticos se debería “**avaliar, limitar e minimizar a contaminación electromagnética**” (na liña xa recollida na [Resolución do Parlamento Europeo de 02.04.09](#)).

De estas propostas concertouse que Telefónica Móviles costearía un estudo para avaliar a exposición a Campos Electromagnéticos en Moaña con medicións por parte dun grupo de expertos independentes dirixido polo Dr. Ceferino Maestu investigador e docente da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade Politécnica de Madrid. Estudo que se desenvolvería despois do verán.